

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 07-04-2021 18:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**Por favor, cubra os seus datos antes de  
comezar a responder:**

*Por favor, cubra os seus datos antes de comezar a  
responder:*

**Nome e apelidos**

*Nome e apelidos*

**DNI:**

**Sinatura:**

*Firma:*

**Exame de obtención do Certificado de Aptitude  
Profesional (CAP)**

**Mercadorías**

**07/04/2021**

**18:00 H**

**-GALEGO-**

**MODELO A**



**Dele la vuelta al cuaderno  
para disponer del examen en  
CASTELLANO**

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 07-04-2021 18:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**1. Como se chama o acordo internacional, ao cal está adherido España, que regula as condicións de transporte das distintas mercadorías perecedoiras e os requisitos que deben reunir os vehículos utilizados?**

- a) ACP.
- b) ADP.
- c) AFP.
- d) ATP.

**2. Como se chama a técnica que permite que os camiões se embarquen por un extremo do tren, un tras outro, sobre vagóns con rodas de diámetro reducido?**

- a) Estrada rodada.
- b) Estrada rodante.
- c) Tren rodante.
- d) Autoestrada rodante.

**3. Que deberá levar un vehículo que transporte mercadoría perigosa a granel?**

- a) Placas-etiquetas nos laterais do vehículo.
- b) Placas-etiqueta nos laterais e traseira do vehículo.
- c) Placas-etiqueta na parte dianteira e traseira do vehículo.
- d) Placas-etiqueta nos laterais, traseira e dianteira do vehículo.

**4. Que mercadorías perigosas poden transportarse en cisterna?**

- a) Calquera sempre que estea en estado líquido ou gaseoso.
- b) Aquelas que expresamente indique o ADR.
- c) As que teñan un grao de perigo II ou III.
- d) Unicamente as que o fabricante indique na ficha de seguridade.

**5. En relación co transporte de mercadorías perigosas, que é un vehículo AT?**

- a) Un vehículo botellero para transporte de gases.
- b) Un vehículo destinado ao transporte de materias explosivas.
- c) Un vehículo destinado ao transporte de mercadorías a alta temperatura.
- d) Un vehículo cisterna.

**6. Se se aumenta a altura da carga, o centro de gravidade do camión:**

- a) desprázase cara arriba.
- b) mantense no mesmo punto.
- c) desprázase cara atrás.
- d) desprázase cara abaixo.

**7. Cal dos seguintes distintivos é o que leva dous paneis rectangulares de cor laranxa, con bordos e números de cor negra, retrorreflectantes, visibles e colocados un na parte anterior e outro na parte posterior do vehículo?**

- a) Placa de limitación de velocidade.
- b) Distintivo de inspección técnica de vehículos.
- c) Distintivo de nacionalidade estranxeira.
- d) Paneis indicadores de mercadorías perigosas.

**8. De que depende fundamentalmente a utilización da caixa de cambios?**

- a) Da velocidade do camión, soamente.
- b) Do tipo de pneumáticos.
- c) Da velocidade do camión e das prestacións do motor.
- d) Das prestacións do motor, soamente.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 07-04-2021 18:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

## 9. Que é un vehículo articulado?

- a) É o grupo de vehículos constituído por un automóbil e un remolque que circula como unha unidade.
- b) É un tractor cun tamaño adecuado a espazos reducidos.
- c) É o automóbil constituído por un vehículo de motor axustado a un semirremolque.
- d) É o vehículo concibido e construído para circular arrastrado por un vehículo de motor.

## 10. Que fenómeno é típico dunha sobrecarga no eixo dianteiro dun camión?

- a) O sobrequecemento dos freos.
- b) O esforzo excesivo para a suspensión traseira.
- c) A suavidade da dirección do vehículo.
- d) A falta de apoio no eixo dianteiro.

## 11. Onde debe levar o condutor dun vehículo que transporta mercadorías perigosas as instrucións escritas?

- a) Na cabina.
- b) Xunto coa mercadoría.
- c) En lugar seguro e accesible para os equipos de emerxencia.
- d) Nun compartimento anexo ao vehículo e suficientemente estanco.

## 12. Cales son as funcións propias dun administrativo nunha empresa de transporte de mercadorías por estrada?

- a) Arquivar a documentación da empresa.
- b) Controlar o rendemento dos condutores.
- c) Supervisar a colocación da carga.
- d) Distribuír as ordes de roteiro.

## 13. Cales son as funcións propias do xerente dunha empresa de transporte de mercadorías por estrada?

- a) Distribuír as ordes de roteiro.
- b) Planificación e representación da empresa.
- c) Arquivar a documentación.
- d) Conducir o vehículo e determinar o itinerario do servizo.

## 14. A que clase de transporte se dedican os vehículos do tipo EX/III?

- a) Ao transporte de materias ou obxectos explosivos (clase 1).
- b) Ao transporte de mercadorías perecedoiras.
- c) Ao transporte de materias corrosivas en cisternas.
- d) Ao transporte de líquidos e gases inflamables (cisternas).

## 15. Cal é a vida dun extintor que superase todas as probas oficiais satisfactoriamente?

- a) 10 anos.
- b) 12 anos.
- c) 15 anos.
- d) 20 anos.

## 16. Que dous efectos ten a resistencia do aire sobre o movemento do camión?

- a) A resistencia do aire en contra do avance e as turbulencias na parte de atrás que favorecen o avance do vehículo.
- b) A resistencia do aire na parte de atrás en contra do avance e as turbulencias adiante en contra do avance do vehículo.
- c) A resistencia do aire adiante que favorece o avance e as turbulencias na parte de atrás que favorecen o avance do vehículo.
- d) A resistencia do aire ao avance e as turbulencias que se xeran na parte de atrás do vehículo.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 07-04-2021 18:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

**17. Nunha empresa de transportes, que nome recibe o encargado de buscar operacións de transporte para a empresa e contratar os servizos cos clientes?**

- a) Xerente.
- b) Comercial.
- c) Xefe de tráfico.
- d) Administrativo.

**18. Para que servía a tarxeta de transporte de mercadorías?**

- a) Para documentar a autorización para realizar transporte privado de mercadorías.
- b) Para documentar a autorización para realizar transporte privado complementario ou público de mercadorías.
- c) Para documentar a autorización para ser condutor profesional.
- d) Ningunha das tres respostas anteriores é correcta.

**19. Pódese usar a eslinga como elemento de suxeición da carga?**

- a) Non.
- b) Si.
- c) Só se é unha carga lixeira.
- d) Só se é unha carga pouco voluminosa.

**20. Para realizar transporte de mercadorías de carácter privado complementario, necesítase unha autorización administrativa?**

- a) Non.
- b) Depende de cal sexa a masa máxima autorizada do vehículo.
- c) Si, pero só se se dispón de máis dun vehículo.
- d) Si, pero só cando o vehículo que se utiliza é articulado.

**21. No movemento dun camión:**

- a) non son aplicables os pares das rodas e pares de inercia.
- b) intervén a forza de molaridade.
- c) non é aplicable a forza da atracción terrestre.
- d) intervén a resistencia aerodinámica ou resistencia do aire.

**22. Cantos máis cambios realice o condutor dun camión durante unha subida:**

- a) menos veces se perderá velocidade.
- b) menos veces se terá que recuperar a velocidade.
- c) máis veces se perderá velocidade.
- d) chegarase antes á cima consumindo menos.

**23. Das forzas que se citan, cal se aplica a un camión en movemento?**

- a) A forza de adherencia.
- b) A forza de redución.
- c) A forza nula.
- d) A forza de progresión.

**24. As autorizacións CEMT expídense en número limitado?**

- a) Si, todas.
- b) Si, as de carga xeral.
- c) Si, as específicas para mudanzas.
- d) Non, ningunha.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 07-04-2021 18:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**25. Nun contrato de transporte suxeito ao Convenio CMR, o transportista non debe responder dos danos sufridos pola mercadoría cando probe que estes derivan de:**

- a) vicio propio da mercadoría.
- b) instrucións impartidas por quen ten dereito sobre a mercadoría.
- c) circunstancias que non puido evitar e cuxas consecuencias non puido impedir.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

**26. Como non debe ser a presentación persoal dun traballador dunha empresa de transporte?**

- a) Ter un sorriso amigable.
- b) Mostrar respecto en todo momento.
- c) Utilizar o singular e non o plural ao referirse á empresa.
- d) Saudar ao cliente.

**27. Como se denomina ao certificado que acredita que un condutor superou os cursos e exames esixidos para a obtención da cualificación inicial dos condutores?**

- a) Permiso de conducir da clase F-1.
- b) Tarxeta de condutor de tacógrafo.
- c) Número de Identificación Fiscal (NIF).
- d) Certificado de Aptitude Profesional (CAP).

**28. Como se denomina o método de extinción dun incendio consistente na separación ou eliminación do combustible que o alimenta?**

- a) Arrefriado.
- b) Osixenación.
- c) Desintoxicación
- d) Desalimentación.

**29. Que datos rexistra automaticamente o tacógrafo?**

- a) O consumo de combustible.
- b) A distancia percorrida.
- c) A temperatura do motor.
- d) O nivel de aceite.

**30. Que funcións cumpren os nutrientes?**

- a) Conseguir a enerxía necesaria para realizar as funcións vitais.
- b) Formar e manter órganos.
- c) Regular todos os procesos que teñen lugar no noso organismo.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

**31. Que consecuencias provoca no condutor un exceso de sinais no posto de condución?**

- a) Alivia a atención do condutor.
- b) Fatiga.
- c) Distracción da estrada.
- d) As respostas B e C son correctas.

**32. Que significa que un pneumático estea identificado como Regroovable?**

- a) Que leva os flancos reforzados.
- b) Que se pode regrabar.
- c) Que necesita un inflado especial.
- d) Que é un pneumático sen cámara.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 07-04-2021 18:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**33. Considérase infracción que un condutor prolongue a súa xornada diaria de condución ata alcanzar 10 horas 30 minutos?**

- a) Non, en ningún caso.
- b) Si, aínda que excepcionalmente permítese superar devandito límite.
- c) Segundo o suposto, porque 2 veces en semana pode conducir ata 11 horas diarias.
- d) Non, pero só pode facelo unha vez ao mes.

**34. A eficacia do ralentizador eléctrico aumenta se aumenta:**

- a) a carga hidráulica.
- b) a aceleración.
- c) a cantidade de electricidade fornecida pola batería.
- d) a temperatura.

**35. Para un par motor dado, de que depende o par que chega ás rodas?**

- a) Da temperatura dos gases de escape.
- b) Da presión que exista no colector de escape.
- c) Da relación de transmisión entre o volante motor e as rodas.
- d) Da orde de aceso do motor.

**36. Os usuarios das vías que se vexan implicados nun accidente de tráfico, o presencien ou teñan coñecemento del:**

- a) soamente estarán obrigados a prestar a súa colaboración.
- b) estarán obrigados a auxiliar ou solicitar auxilio para atender ás vítimas, se as houbese.
- c) deberán regular o tráfico para poder restablecer a circulación dos vehículos implicados.
- d) non estarán obrigados a deterse para auxiliar ás vítimas.

**37. Cales das seguintes medidas de prevención de riscos laborais son obrigación do empresario?**

- a) Utilizar as ferramentas con precaución.
- b) Adoptar medidas de protección.
- c) Respetar os métodos de traballo.
- d) Utilizar os equipos de protección.

**38. Cal dos seguintes accidentes relacionados co transporte se produce máis frecuentemente?**

- a) Esmagamento por envorco da maquinaria de traballo.
- b) Descargas eléctricas.
- c) Proxección de líquidos contra o corpo.
- d) Exposición continuada a vibracións.

**39. Nos accidentes de traballo no transporte, que mala práctica está asociada directamente coas lesións oculares?**

- a) Limpeza de cisternas ou da caixa do vehículo en condicións inadecuadas, sobre todo se contiveron mercadorías perigosas.
- b) Posición de traballo incorrecta.
- c) Ferramentas pouco apropiadas para a tarefa.
- d) Ferramentas defectuosas ou desgastadas.

**40. Que luces son de cor amarela auto e intermitentes?**

- a) Os catadióptricos.
- b) As luces indicadoras de dirección.
- c) As luces de freado.
- d) A luz de marcha atrás.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 07-04-2021 18:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**41. O calibre do cilindro dun motor exprésase...**

- a) en polgadas.
- b) en centímetros.
- c) en milímetros.
- d) en decímetros.

**42. Desde o punto de vista social, que se pode afirmar do tráfico?**

- a) Débese esixir un comportamento social adecuado que incida no respecto, a educación e a solidariedade cara aos demais usuarios das vías públicas.
- b) Os desprazamentos están sometidos ás leis físicas do movemento e aos factores que as determinan.
- c) Requírense normas xurídicas cuxa obrigatoriedade ten o seu fundamento na forza coactiva do Estado.
- d) O tráfico é o desprazamento de persoas e mercadorías sobre uns vehículos e por unhas vías adecuadas para tal fin.

**43. Nunha caixa de cambio manual, o movemento do motor...**

- a) entra polo eixo primario e sae polo eixo secundario.
- b) entra polo eixo secundario e sae polo eixo primario.
- c) entra polo eixo secundario e sae polo eixo intermediario.
- d) entra polo eixo primario e sae polo eixo intermediario.

**44. Estando o motor do seu vehículo parado e o contacto posto, que indica se queda acendida a luz testemuña da presión do sistema de engraxamento?**

- a) Falta de nivel de aceite no cárter.
- b) Falta de presión de engraxamento.
- c) Presión excesiva no circuíto de engraxamento.
- d) Avaría na bomba de lubricación.

**45. A resistencia que se produce ao acelerar ou frear o camión debido á inercia da súa masa denomínase:**

- a) forza atemporal.
- b) abalo.
- c) resistencia á aceleración.
- d) resistencia por rozamento.

**46. Que debe facerse no caso de accidentes con vítimas?**

- a) Antes da remisión dos datos efectúase un seguimento do estado dos feridos durante as primeiras vinte e catro horas.
- b) Determinar se, a efectos estatísticos, se trata dun ferido grave ou leve.
- c) Determinar se, a efectos estatísticos, se trata dun falecido en accidente de circulación dentro das vinte e catro horas.
- d) Todas as respostas son correctas.

**47. O vehículo concibido para ser axustado a un automóbil, sobre o que repousará parte do mesmo, transferíndolle unha parte substancial da súa masa, como se denomina?**

- a) Tren de estrada.
- b) Semirremolque.
- c) Trotacamión.
- d) Vehículo articulado.

**48. A efectos da Lei sobre Tráfico, Circulación de vehículos de motor e Seguridade Viario, a estrada é:**

- a) toda vía de uso privado.
- b) toda vía de uso público.
- c) un ben privativo.
- d) non é un ben de ningún tipo.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 07-04-2021 18:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**49. Está o condutor obrigado a indicar ao tacógrafo a actividade que realiza en cada momento, durante a súa xornada de traballo?**

- a) Si, pero só se realiza outros traballos.
- b) Si, pero só para indicar descanso.
- c) Non está obrigado.
- d) Si, debe utilizar o selector de actividade para cada cambio que sexa necesario.

**50. Que medidas preventivas básicas existen para unha conducción segura?**

- a) Respecto ás normas de circulación.
- b) Non inxerir bebidas alcohólicas.
- c) Elixir un roteiro o máis recto posible entre o punto de carga e descarga.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

**51. Nunha inspección de transporte na estrada, un condutor:**

- a) debe impedir a inspección do vehículo e os seus aparellos de control.
- b) debe permitir a inspección da carga e control dos pasaxeiros.
- c) debe facilitar o título de capacitación profesional da empresa.
- d) non ten obrigación de desprazarse á área de servcio máis próxima para permitir un maior control do vehículo e da súa carga ou pasaxe.

**52. Segundo a Lei de responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos a motor, en caso de danos ás persoas, o condutor será responsable se o dano se debeu a:**

- a) un terremoto.
- b) un alude.
- c) rotura dalgunha das pezas ou mecanismos do vehículo.
- d) inundación da calzada orixinado por un fenómeno atmosférico de pinga fría.

**53. Cal dos seguintes elementos do vehículo forma parte do retardador hidráulico?**

- a) O cilindro de amortiguación.
- b) O calderín secador.
- c) O estátor fixo.
- d) A válvula de aceleración.

**54. Cando deben colocar o disco-diagrama ou folla de rexistro os condutores?**

- a) Só ao comezo de cada semana de traballo aínda que non vaian conducir.
- b) Todos os días que conduzan, a partir do momento en que tomen ao seu cargo o vehículo.
- c) Só ao comezo de cada semana de traballo, sempre que vaian conducir.
- d) Todos os días, un disco novo cada vez que se inicie a conducción.

**55. Que elemento non é condicionante da conducción?**

- a) A capacidade de visión.
- b) A capacidade de atención.
- c) A vía.
- d) A aprendizaxe.

**56. Para que se filtra o aceite?**

- a) Para extraer as impurezas sólidas.
- b) Para diluílo mellor.
- c) Para que aguante máis tempo sen perder viscosidade nin densidade.
- d) Para mellorar a abrasión.



# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 07-04-2021 18:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

**57. Nun tacógrafo dixital, de que período se poden imprimir actividades?**

- a) Das últimas 10 horas.
- b) Das últimas 24 horas.
- c) Só da última hora.
- d) Sempre imprime por días civís de 0 a 24 horas.

**58. Nunha lamia cuxa designación sexa 12J x 22,5, que significa a letra J?**

- a) O índice de velocidade.
- b) O índice de carga.
- c) A forma da pestana.
- d) A forma de amarre.

**59. No consumo de carburante dun automóbil non inflúe...**

- a) o tipo de xerador de corrente.
- b) a presión dos pneumáticos.
- c) o número de revolucións por minuto do motor.
- d) o perfil da estrada.

**60. A enerxía cinética que posúe un vehículo en movemento depende de...**

- a) a súa velocidade e a súa masa.
- b) a súa velocidade e a súa altura.
- c) a súa masa e a súa altura.
- d) a súa velocidade, unicamente.

**61. Para a comparecencia ante unha Xunta Arbitral de Transporte:**

- a) non é necesaria a presenza de avogado e procurador.
- b) é necesaria a presenza de avogado, pero non a do procurador.
- c) é necesaria a presenza dun procurador, pero non a presenza de avogado.
- d) é necesaria a presenza de avogado e procurador.

**62. O maior ou menor consumo de carburante dun vehículo pesado depende de varios factores, entre outros,:**

- a) da relación de marchas seleccionada na caixa de velocidades e o estado no que se atope o filtro do aire do sistema de alimentación.
- b) dos ralentizadores que monte o vehículo e o mantemento do vehículo.
- c) das revolucións por minuto do motor e da maior ou menor refrixeración dos freos.
- d) do perfil da estrada e de se posúe ou non suspensión pneumática.

**63. Cales son os principais mecanismos de lesión nun accidente de tráfico?**

- a) Flexión.
- b) Extensión.
- c) Tracción.
- d) Todas as respostas son correctas.

**64. Canto tempo ten que transcorrer sen achega de osíxeno ao cerebro para que se produzan lesións cerebrais irreversibles?**

- a) Un minuto.
- b) Cinco minutos.
- c) 30 minutos.
- d) 1 hora.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 07-04-2021 18:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**65. Cal é o accidente laboral máis frecuente que se pode producir como consecuencia dun mantemento incorrecto dos sistemas de amortiguación?**

- a) Caídas de persoas a distinto nivel.
- b) Atropelos por vehículos.
- c) Exposición continuada a vibracións.
- d) Caídas de persoas ao mesmo nivel.

**66. Como se pode definir a fatiga?**

- a) Un estado psicofísico no que predominan unha serie de manifestacións na función muscular e intelectual cunha diminución da actividade normal do individuo.
- b) Un estado psicofísico polo que non se ten ganas de traballar.
- c) Un estado físico cando se ten moita tensión.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**67. No contarrevolucións dun vehículo pesado existe unha zona marcada, xeralmente, de cor verde. Circular cun número de revolucións por encima desa zona, que supón?**

- a) Unha menor presión no circuíto de engraxamento.
- b) Unha redución na velocidade de xiro da árbore de levas.
- c) Unha menor velocidade da bomba de refrixeración.
- d) Un maior consumo.

**68. Facer unha conducción económica, supón reducir a emisión de dióxido de carbono ao medio ambiente?**

- a) Non, o que supón é reducir o consumo.
- b) Non, o que supón é aumentar a seguridade da circulación.
- c) Non, o que supón é reducir o consumo e aumentar a seguridade da circulación.
- d) Si.

**69. En transporte de mercadorías, para conducir un vehículo para o que sexa necesario un permiso de conducir de clase C ou C+E é necesario:**

- a) só o título de capacitación.
- b) só o permiso de conducir correspondente.
- c) un certificado da xefatura de tráfico.
- d) o certificado de aptitude profesional e o permiso de conducir correspondente.

**70. A presión de inflado dun pneumático compróbase...**

- a) cun manómetro.
- b) dando uns golpiños nos flancos para comprobar a súa deformidade.
- c) cun manocontacto.
- d) cun pluviómetro.

**71. De que cor é o fito miriamétrico en autoestrada ou autovía?**

- a) Azul.
- b) Blanco.
- c) Verde.
- d) Vermello.

**72. Que luces se deben levar acesas, como mínimo, en caso de choiva intensa?**

- a) As luces de longo alcance.
- b) As luces de gálibo.
- c) As luces de posición.
- d) As luces de posición e as de curto alcance.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 07-04-2021 18:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

**73. Que tipo de vento se considera máis perigoso para a circulación?**

- a) Vento de cola.
- b) Vento lateral racheado.
- c) Vento frontal.
- d) Vento lateral

**74. Como define o ADR as mercadorías perigosas de alto risco?**

- a) Aquelas que poden ser utilizadas con fins bélicos e producir consecuencias graves en forma de danos persoais e materiais.
- b) Aquelas que poden ser utilizadas con fins terroristas e producir consecuencias graves en forma de danos persoais e materiais.
- c) Aquelas que poden ser utilizadas para fins descoñecidos e producir consecuencias graves en forma de danos ao medio ambiente.
- d) Non existe unha definición concreta do ADR neste sentido.

**75. En pendentes ascendentes é recomendable manter...**

- a) a agulla do tacómetro na parte dereita da zona económica.
- b) un réxime de xiro baixo.
- c) o pedal de acelerador pouco pisado ou solto.
- d) a agulla do tacómetro na parte esquerda da zona económica.

**76. En que se fundamenta a conducción preventiva?**

- a) En facer consciente ao condutor dos riscos.
- b) En facer consciente ao condutor das consecuencias.
- c) En modificar as normas de circulación.
- d) En planificar os tempos de conducción e descanso.

**77. As medidas preventivas que deben tomarse á hora de conducir con néboa son:**

- a) conectar a iluminación de longa distancia.
- b) aumentar a velocidade e reducir a distancia de seguridade.
- c) prestar especial atención ás marcas viarias.
- d) non accionar o limpiaparabrisas.

**78. En que prazo se lle debe comunicar á compañía aseguradora que se produciu un sinistro?**

- a) No prazo de sete días.
- b) No prazo de catorce días.
- c) No prazo de quince días.
- d) No prazo de trinta días.

**79. Na declaración amigable, poderán anotarse observacións particulares de calquera dos condutores implicados?**

- a) Non.
- b) Si.
- c) Cada un poderá anotar o que queira na súa copia.
- d) Só se todos están de acordo.

**80. Se o motor dun vehículo ten un ralentí demasiado alto, inflúe no consumo de carburante?**

- a) Si, porque ao virar o motor máis rápido consome máis.
- b) Si, porque consome menos carburante.
- c) Si, pero tal circunstancia só aumenta o consumo a altas revolucións.
- d) Non, non inflúe.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 07-04-2021 18:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**81. Que inflúe no consumo de carburante dun vehículo pesado?**

- a) O sistema de mando da distribución: por correa dentada ou por cadea.
- b) A presión dos pneumáticos e o estado no que se atope o filtro do aire.
- c) O material do que estea construída a carrocería.
- d) O tipo de sistema de freado que se monte: hidráulico ou pneumático.

**82. Que inflúe no consumo de carburante dun vehículo pesado?**

- a) A posición do pedal do acelerador e a lonxitude do cigüeñal.
- b) A lonxitude do pistón.
- c) O mantemento do vehículo..
- d) O tipo de batería e a relación de marchas seleccionada.

**83. Conducir utilizando a relación de marchas máis alta que sexa posible dependendo da velocidade á que se circule, que vantaxes presenta?**

- a) Menor consumo, contaminación ambiental e contaminación acústica.
- b) Aumentar o coeficiente aerodinámico do vehículo e prolongar a vida do motor.
- c) Aumentar a frecuencia da inspección técnica periódica e reducir os prazos de mantemento do vehículo.
- d) Non ter que comprobar o nivel do líquido refrixerante xa que conducir desta maneira fai que o consumo de refrixerante sexa nulo.

**84. Cal é a orde de montaxe correcta dos cables dunha batería?**

- a) En primeiro lugar o borne positivo e a continuación o cable de masa ao borne negativo.
- b) En primeiro lugar o cable de masa ao borne negativo e a continuación o borne positivo.
- c) En primeiro lugar o borne negativo e a continuación o cable de masa ao borne positivo.
- d) En primeiro lugar o cable de masa e a continuación o borne positivo ao negativo.

**85. Que número mínimo de extintores debe levar un vehículo de transporte de mercadorías de máis de 20.000 kg de MMA?**

- a) Un.
- b) Dous.
- c) Tres.
- d) Dous ou tres, dependendo da substancia extintora que utilicen.

**86. No caso de roteiros procedentes de fóra do Espazo Schengen, están obrigados os transportistas a remitir ás autoridades información relativa aos pasaxeiros?**

- a) Si, antes de que se produza a saída.
- b) Si, no prazo de quince días desde que finalice o transporte.
- c) Non, salvo que se produza algún incidente durante o embarque ou transporte.
- d) Non, trátase de datos persoais que o transportista non pode revelar a ninguén.

**87. Cal é o obxecto do Sistema de Información de Schengen (SIS)?**

- a) Ter clasificado o ADN de todas as persoas que cruzasen as fronteiras.
- b) Poder facer un mapa xenético dos cidadáns europeos.
- c) Preservar a orde e a seguridade públicos á vez que se facilita a circulación de persoas.
- d) Informatizar os servizos xudiciais europeos.

**88. A regulación do Espazo Schengen:**

- a) distingue entre fronteiras interiores e exteriores.
- b) non distingue entre fronteiras interiores e exteriores, dado que aplica as mesmas normas en ambos os casos.
- c) suprime todas as fronteiras dos países signatarios.
- d) Esta regulación non ten que ver coas fronteiras senón coa protección da saúde.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 07-04-2021 18:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

**89. A calzada é a parte da estrada:**

- a) dedicada ao uso exclusivo de automóviles.
- b) non dedicada ao uso de vehículos.
- c) dedicada á circulación de vehículos e que se compón dun certo número de carrís.
- d) dedicada ao uso de vehículos e que se compón dun certo número de beiravías.

**90. O tráfico motorizado por estrada é:**

- a) unha secuela social e económica de elevada importancia.
- b) un fenómeno exclusivamente social de suma importancia.
- c) un fenómeno social e económico de suma importancia.
- d) un fenómeno social e económico de escasa importancia.

**91. Dos sinais que se citan, cal é unha marca branca transversal?**

- a) Marca lonxitudinal continua.
- b) Marca de paso para peóns.
- c) Ceda o paso.
- d) Sinal de limitación de velocidade.

**92. Entre outras, que tipo de substancias conteñen os gases de escape?**

- a) Óxidos de carbono e óxidos de níquel.
- b) Óxidos de carbono e óxidos de ferro.
- c) Vapor de auga.
- d) Óxidos de hidróxeno e óxidos de helio.

**93. Cal das seguintes comprobacións necesariamente debe ser realizada co motor arrincado?**

- a) A comprobación do nivel de aceite.
- b) A comprobación do nivel do líquido refrixerante.
- c) A comprobación do nivel de líquido no mando do embrague.
- d) A comprobación da presión do aire nos calderines.

**94. En que réxime de revolucións do motor saen menos residuos polo tubo de escape?**

- a) Cando o motor funciona ao máximo de revolucións.
- b) A un réxime medio de revolucións.
- c) Cando o motor funciona a un número de revolucións próximo ao máximo.
- d) A réximes baixos e altos de revolucións.

**95. Como se pode saber que un pneumático foi homologado na Unión Europea?**

- a) Por uns caracteres gravados na banda de rodamento.
- b) Pola letra "e" acompañada dun número rexistrado no flanco.
- c) Pola letra "e" acompañada dun número rexistrado no talón.
- d) Porque aparece a bandeira da Unión Europea gravada no pneumático.

**96. A presión de inflado dun pneumático debe realizarse cando este se atope frío. Pódese considerar que os pneumáticos se atopan fríos cando estivesen parados, polo menos, durante...**

- a) un día.
- b) unha semana.
- c) tres horas.
- d) un mes.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 07-04-2021 18:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**97. O retardador hidráulico ou electromagnético...**

- a) vai colocado á saída do tubo de escape.
- b) está situado na transmisión do vehículo.
- c) está situado á saída do embrague.
- d) vai colocado á entrada do tubo de escape.

**98. Nun motor de combustión correctamente regrado, durante o ciclo práctico a válvula de escape comeza a pechar o orificio de escape:**

- a) cando o pistón se atopa no punto morto superior.
- b) cando o pistón se atopa no punto morto inferior.
- c) un pouco antes de que o pistón chegue ao momento morto superior.
- d) un pouco despois de que o pistón pase o punto morto superior.

**99. Que requisito deben cumprir os centros de transporte e loxística de mercadorías?**

- a) Ser xestionados por unha única persoa ou entidade.
- b) Reunir un conxunto de servizos para o desenvolvemento das actividades de transporte.
- c) Ser de titularidade pública.
- d) As respostas A e B son correctas.

**100. A efectos estatísticos, as persoas implicadas en accidentes de tráfico con vítimas clasifícanse en:**

- a) Falecido a 24 horas, ferido con hospitalización superior a 24 horas, ferido con asistencia sanitaria igual ou inferior a 24 horas e ileso.
- b) Falecido, ferido grave, ferido leve e ileso.
- c) Falecido, ferido, ileso.
- d) Todas as respostas anteriores son falsas.

Preguntas de reserva (Só se corrixirán se o tribunal anula algunha das anteriores)
------------------------------------------------------------------------------------

**101. As mercadorías introducidas nun país ao amparo dun caderno ATA:**

- a) deberán ser destinadas á venda no mesmo.
- b) deberán ser obxecto de transformación no mesmo.
- c) deberán permanecer no país ata que expire a vixencia do caderno.
- d) deberán ser reexportadas.

**102. Os automóviles de, polo menos, catro rodas están obrigados a levar instaladas...**

- a) luces antinéboa dianteiras.
- b) polo menos dúas luces de longo alcance de cor branca.
- c) retrocatadióptricos triangulares dianteiros.
- d) varias luces de freado na parte dianteira do vehículo.

**103. As funcións previstas para as Xuntas Arbitrais do Transporte serán exercidas en relación con:**

- a) calquera medio de transporte.
- b) os transportes terrestres.
- c) os transportes marítimos e por estrada.
- d) os transportes por estrada, unicamente.

## EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Examen: Mercancías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

Lugar: Rua Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Fecha: 07-04-2021 18:00 h

**97. El retardador hidráulico o electromagnético...**

- a) va colocado a la salida del tubo de escape.
- b) está situado en la transmisión del vehículo.
- c) está situado a la salida del embrague.
- d) va colocado a la entrada del tubo de escape.

**98. En un motor de combustión correctamente reglado, durante el ciclo práctico la válvula de escape comienza a cerrar el orificio de escape:**

- a) cuando el pistón se encuentra en el punto muerto superior.
- b) cuando el pistón se encuentra en el punto muerto inferior.
- c) un poco antes de que el pistón llegue al punto muerto superior.
- d) un poco después de que el pistón pase el punto muerto superior.

**99. ¿Qué requisito deben cumplir los centros de transporte y logística de mercancías?**

- a) Ser gestionados por una única persona o entidad.
- b) Reunir un conjunto de servicios para el desarrollo de las actividades de transporte.
- c) Ser de titularidad pública.
- d) Las respuestas A y B son correctas.

**100. A efectos estadísticos, las personas implicadas en accidentes de tráfico con víctimas se**

**clasifican en:**

- a) Fallecido a 24 horas, herido con hospitalización superior a 24 horas, herido con asistencia sanitaria igual o inferior a 24 horas e ileso.
- b) Fallecido, herido grave, herido leve e ileso.
- c) Fallecido, herido, ileso.
- d) Todas las respuestas anteriores son falsas.

Preguntas de reserva (Solo se corregirán si el tribunal anula alguna de las anteriores)

**101. Las mercancías introducidas en un país al amparo de un cuaderno ATA:**

- a) deberán ser destinadas a la venta en el mismo.
- b) deberán ser objeto de transformación en el mismo.
- c) deberán permanecer en el país hasta que expire la vigencia del cuaderno.
- d) deberán ser reexportadas.

**102. Los automóviles de, al menos, cuatro ruedas están obligados a llevar instaladas...**

- a) luces antiniebla delanteras.
- b) al menos dos luces de largo alcance de color blanco.
- c) retrocatadiópticos triangulares delanteros.
- d) varias luces de frenado en la parte delantera del vehículo.

**103. Las funciones previstas para las Juntas Arbitrales del Transporte serán ejercidas en relación con:**

- a) cualquier medio de transporte.
- b) los transportes terrestres.
- c) los transportes marítimos y por carretera.
- d) los transportes por carretera, únicamente.

## EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Examen: Mercancías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n
